



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES Ramón Caamaño

Rúa Manuel Lastres 33
15124 Muxia (Santa María)
☎ 881880775 📠 881880776
ies.ramon.caamano@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesramoncaamano>



PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

IES RAMÓN CAAMAÑO

ANO ACADÉMICO: 2016-2017



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES Ramón Caamaño

Rúa Manuel Lastres 33
15124 Muxia (Santa María)
☎ 881880775 📠 881880776
ies.ramon.caamano@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesramoncaamano>



ÍNDICE

- **PRESENTACIÓN**
- **XUSTIFICACIÓN**
- **OBXECTIVOS**
- **PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS**
- **ESTRATEGIAS ORGANIZATIVAS E DE INTERVENCIÓN**
- **RECURSOS**
- **AVALIACIÓN E PROPOSTA DE MELLORA**



PRESENTACIÓN

No marco da concepción actual da educación como instrumento para apoiar o desenvolvemento integral das persoas e a súa inserción social, como procesos inseparables e interdependentes, a orientación educativa plantéxase como un subsistema inherente ao propio feito educativo e referido a todos os procesos máis directamente implicados na personalización dos procesos de ensinanza/aprendizaxe e, polo tanto, da adaptación da escola aos alumnos nas súas distintas peculiaridades.

O Departamento de Orientación (DO) constitúe o segundo nivel da Orientación Educativa, que actuará fundamentalmente a través do apoio e asesoramento ao profesorado nas súas tarefas de acción directa co alumnado e coas familias (como primeiro nivel da Orientación), así como ás demais instancias de goberno e de coordinación do centro. Por outra banda, responsabilizarase de tarefas que, polo seu grao de especialización, non poidan ser levadas a cabo polas outras instancias.

Isto conleva a necesidade de realizar un importante esforzo de coordinación entre todos os axentes educativos, así como unha adecuada planificación das intervencións do departamento para cada curso escolar.

A nosa lexislación recolle esta necesidade, prescribindo a realización en cada centro dun plan de orientación para cada curso escolar, especificando a súa estrutura (*Orde do 24 de Xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade e Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998*)



A planificación que se describe nestas páxinas, dacordo cun modelo de orientación esencialmente preventivo, organizarase por programas, tomados éstos como marcos xerais de actuación que orienten a práctica. Estes programas, como veremos, inclúen liñas de actuación que pretenden establecer as bases para iniciar un proceso de mellora nos temas e ámbitos aos que fan referencia. Polo tanto, as súas grandes metas, ou obxectivos xerais, sitúanse a longo prazo. Posiblemente, moitos deles manteranse nos vindeiros cursos, coas adaptacións precisas. A avaliación formativa durante todo o proceso, guiará as devanditas adaptacións, así como as modificacións que durante este curso escolar se levarán a cabo “sobre a marcha”

En calquera caso, as actuacións propostas no marco destes programas planifícanse para este curso escolar e pretenden responder ás necesidades detectadas no alumnado e, por ende, na comunidade educativa (dentro do contexto do centro e da comunidade na que se inscriben).

XUSTIFICACIÓN

MARCO TEÓRICO-PRÁCTICO

As actuacións deste departamento estarán baseadas nos principios teórico-prácticos que inspiran a Reforma Educativa e se reflexan por primeira vez a nivel legal na Ley Orgánica 1/1990 do 3 de Outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE). Estes principios foron refrendados pola Ley Orgánica 2/2006, de 6 de Maio, de Educación (LOE), así como pola Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).



Nos textos legais incídese incide na conceptualización da orientación como proceso inherente ao educativo, e parte ineludible, polo tanto, da actuación diaria do profesorado, en colaboración coas familias e cos servizos ou departamentos de orientación especializados.

A nivel autonómico, o Decreto 120/1998 e a Orde do 24 de Xullo de 1998 constitúen os principais referentes legais da organización da Orientación. É nestes documentos onde se concretan a composición e funcións do DO.

A continuación resumimos as características principais da orientación tomadas dos textos legais, así como das contribucións de distintos autores (Lázaro e Asensi, Rodríguez Espinar, Bisquerra, Vidal e Manjón...), que guiarán a planificación e desenvolvemento deste plan de actividades:

1º A orientación educativa como parte integrante e dependente do proceso educativo, aunque con obxectivos propios.

Plantéxase que a orientación se integre no currículo, considerándoa como un subsistema educativo que, xunto co instructivo, persiga as mesmas grandes finalidades: o desenvolvemento das capacidades cognitivas, psicomotrices, afectivas e de equilibrio persoal, de comunicación e de inserción social do alumnado, e por tanto, das competencias básicas.

Ao mesmo tempo, se lle asignan en concreto unha serie de obxectivos, que tomaremos do documento do MEC *“Orientación Educativa e Intervención Psicopedagóxica”* (1990):

- 1) Contribuir á personalización da educación, é dicir, á súa integralidade chegando a todos os aspectos da persoa, e tamén á súa individualización, referindo a educación a persoas concretas, coas súas aptitudes e intereses diferenciados.



- 2) Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares dos alumnos, mediante as oportunas adaptacións curriculares e metodolóxicas, adecuando a escola aos alumnos e non os alumnos á escola.
- 3) Cooperar cos aspectos orientadores da educación, como favorecedora das aprendizaxes máis funcionais, facendo que a escola aporte realmente “educación para a vida”
- 4) Favorecer os procesos de madurez persoal, da propia identidade, dos propios valores, e da progresiva toma de decisións, a medida que os alumnos teñen que ir adoptando opcións de vida, primeiro escolares e logo profesionais.
- 5) Garantir os elementos educativos máis diferenciados e especializados, menos formais ou tradicionais, que difícilmente, en ocasións, pode proporcionar o profesor ordinario e as estruturas escolares ordinarias.
- 6) Previr as dificultades de aprendizaxe e non só asistilas, cando xa se produciron, anticipándose a elas e evitando, no posible, fenómenos indesexables como os do abandono, do fracaso ou inadaptación social.
- 7) Asegurar a continuidade educativa en áreas, ciclos, etapas ou centros.
- 8) Contribuir á adecuada relación e interacción entre os distintos sectores da comunidade educativa (profesores, alumnos e pais), asumindo o papel de mediación e negociación ante os conflitos ou problemas que poidan plantexarse entre estes distintos integrantes.
- 9) Contribuir a toda clase de factores de innovación e de calidade que redunden nunha mellor educación, nunha educación orientadora e no apoio técnico á oferta educativa.

2º. Os obxectivos da orientación fan referencia, polo tanto, a 3 vertentes: escolar, vocacional e persoal.



A vertente escolar da orientación é a constituída por todas aquelas intervencións orientadoras que teñen como obxectivo xeral promover a optimización dos procesos de ensino-aprendizaxe. A vocacional céntrase en promover a madurez vocacional dos individuos. Pola súa banda, a vertente persoal responde ao obxectivo de potenciar as capacidades socioafectivas dos alumnos e alumnas.

3º. A orientación debe estar integrada no currículo e debe ser unha actividade asumida, compartida e coordinada entre todas as unidades do sistema educativo, é dicir, que os programas de orientación deben estar integrados na programación xeral do centro, e a comunidade educativa debe coordinarse para levalos a cabo, para que a intervención sexa efectiva.

4º. O carácter preventivo da orientación.

Na concepción actual, como temos sinalado en apartados anteriores, a intervención orientadora pasa de ser meramente reactiva ante as demandas de solución dos problemas de determinados alumnos (“alumnos-problema”), trasladándose o foco aos problemas da escola como institución. E se intervén tanto a nivel individual como institucional.

As variables contextuais cobran así unha especial relevancia dende unha perspectiva que pretende promover o desenvolvemento do conxunto da poboación sobre a que se incide.

5º. A orientación como un proceso continuo.

A orientación é un proceso que se inicia nos primeiros momentos da escolaridade, despregándose de forma sistemática ao longo da mesma e proxectándose máis aló do abandono da institución educativa.



6º. O alumno ou alumna, cada alumno ou alumna concreto/a coas súas particularidades propias, é o referente básico e último da orientación, aunque debemos consideralo no seu contexto, e dirixir parte do traballo de orientación a aquelas persoas ou ambientes que inciden nel/nela, tales como docentes, familia, institución escolar e entorno social.

7º. A intención primordial da orientación é a calidade e a mellora escolar

8º O/a orientador/a como axente de cambio social, que actúa sobre as estruturas e institucións educativas e sociais.

9º. A orientación como proceso de axuda técnica e as aportacións das fontes Psicolóxica y Pedagóxica do currículo.

Este apartado serviranos para referirnos ás bases teóricas do modelo educativo no que se inserta a nosa labor orientadora, á dicir, pretendemos dar resposta á pregunta de: se o obxectivo é mellorar a calidade do ensino, ¿en que dirección queremos avanzar? ¿Cal sería para nós esa mellora? E incluso, ¿en que principios a basearemos?

- A concepción constructivista do proceso de ensino-aprendizaxe.

Tanto no deseño coma no desenvolvemento deste plan de traballo, guiarán a nosa práctica as teorías constructivistas e interactivistas de autores como Piaget, Vigotsky ou Ausubel. Teremos moi en conta, por tanto, a importancia de que as aprendizaxes sexan significativas e funcionais, así como o papel fundamental da motivación do alumnado nun proceso que é autoestructurante e, por tanto, esencialmente activo por parte da persoa que aprende.

- O profesor como mediador.



Neste proceso resulta esencial a figura do profesor como mediador entre o suxeito e o obxecto da aprendizaxe, fronte ao papel de mero transmisor de información que tradicionalmente se lle atribuíu. Neste papel, o profesorado debe actuar na chamada Zona de Desenvolvemento Próximo (Vigotsky) para axudar ao suxeito a avanzar no seu desenvolvemento.

- A concepción da diversidade

Actualmente considérase que a diversidade é inherente aos grupos escolares. Aínda máis, é unha característica enriquecedora dos mesmos, que podemos e debemos operativizar para contribuir ao desenvolvemento integral do alumnado. Dende esta óptica, todas as persoas somos diferentes en multitude de aspectos: intereses, motivacións, capacidades, necesidades afectivas... E pola súa vez, estas fontes de diversidade non son estáticas, senón modificables, permeables ao cambio, o que posibilita a intervención educativa que, por outro lado, debe adaptarse ás peculiaridades de cada suxeito.

- O concepto de n.e.e., os principios integradores e a inclusividade

Dende que Mary Warnock (1978) describira por primeira vez o concepto de necesidades educativas especiais no seu transcendente informe, o foco de atención foise trasladando paulatinamente dende as dificultades de determinados suxeitos para a aprendizaxe hacia o papel da escola na provisión dos medios necesarios para que todos os alumnos e alumnas acaden o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades. Partiremos da concepción das necesidades educativas como un continuo dende as máis ordinarias ás máis específicas e interviremos baixo os principios integradores de Normalización, Individualización e Sectorización, promovendo as actitudes necesarias para que a escola sexa unha *inclusiva*, de xeito que todas as persoas que se educan nela sexan aceptadas,



reconocidas na súa singularidade, valoradas e teñan posibilidades de participar con arreglo ás súas capacidades.

○ A concepción sistémica do contexto escolar

A intervención basearase na consideración da escola como un todo, de xeito que calquera intervención nunha das partes do sistema afectará ao sistema no seu conxunto. Dende as consideracións dos autores sistémicos (Zazzo, entre outros) o contexto debe terse en conta dende a análise das necesidades educativas ata a intervención, que se dará tanto sobre o individuo como sobre o contexto educativo, na liña do que comentabamos ao referirnos á prevención a través da orientación.

○ O modelo de currículo base.

O feito de que o modelo de currículo sexa un semiaberto no que a Administración prescribe os aspectos básicos comúnes, deixando en mans dos centros a adaptación do mesmo á súa propia realidade, constitúe en si mesmo unha medida de atención á diversidade. A concreción desta proposta ao centro e, nun terceiro nivel de concreción, á aula, a miúdo require da colaboración especializada do DO, especialmente nos aspectos máis individualizadores da ensinanza.

○ O currículum oculto.

Diversos autores teñen resaltado a elevada importancia do currículum oculto na función educativa. O termo fai referencia a todo aquilo que se transmite ao alumnado durante o proceso de ensinanza, sen explicitarse ou planificarse dalgún xeito previamente. De feito, en xeral falamos de aspectos que non son conscientes por parte da persoa que os transmite, pero non por isto teñen menor potencia para a aprendizaxe. Pola contra, ao non



ser conscientes por parte do/a docente, o seu efecto non pode ser previsto nin controlado.

Os aspectos que se transmiten deste xeito, normalmente implican actitudes, as do propio docente, que se transmiten sobre todo a través das compoñentes non verbais da comunicación.

Na intervención que se propón ocupa un lugar relevante a análise por parte do profesorado do currículo oculto, para facilitar que as actuacións vaian realmente na dirección desexada.

○ As aportacións á intervención grupal. A psicoloxía dinámica do grupo

Partindo das teorías sobre o funcionamento dos grupos de autores como Cornaton, Lasell, Adler, Rogers e Lewin, entre outros, consideramos a integración no grupo-clase como un instrumento moi potente para a ampliación dos campos cognitivo e afectivo de cada un dos/as alumnos/as. Partiremos da necesidade de fomentar a cohesión grupal e o clima de confianza no seo do grupo. Isto contribuirá a elevar a autoestima das súas integrantes, que actuará como catalizador do cambio. E o sentimento de pertenza ao grupo aumentará a súa receptividade cara a éste, permitíndolle cotexar a súa forma de pensar coas dos demais membros do grupo.

Ademáis, debemos ter en conta que as relacións que estableza o alumnado neste contexto constituirán unha base importante para establecer futuras relacións.

O asesoramento ao profesorado sobre o funcionamento dos grupos será fundamental para que as experiencias dos alumnos e alumnas sexan positivas neste sentido.

○ As actitudes e as súas compoñentes. A importancia do afectivo.

Considérase unha actitude como “a predisposición a actuar de determinada maneira cara a un obxecto”. (Nesta definición se utiliza a palabra obxecto cun sentido amplo, que inclúe: o si mesmo, outra persoa ou persoas, unha idea, ou calquera cousa material do medio que nos



rodea). Esta predisposición está condicionada por dúas categorías de elementos: os afectivos (o que *sentimos* cara ese obxecto) e os cognitivos (o que *pensamos* sobre él). O terceiro dos seus elementos, *a conducta*, é a súa expresión externa y, polo tanto, a máis “visible”, pero *nunca o único*.

Tradicionalmente os factores afectivos teñen sido os grandes olvidados no currículo. Hoxe, os contidos actitudinais forman parte do mesmo, e a nivel teórico asúmese a súa gran relevancia, considerándoos esenciais nas áreas transversais.

A educación de actitudes, así como o tratamento do ámbito afectivo en xeral, é outra área na que nos centraremos dende o DO. E, como veremos, a relevancia do afectivo impregnará esta proposta.

- Unha estratexia moi útil de intervención que vai enmarcar moitas das actuacións previstas: a “Estratexia Cuádrupla”

En relación co anterior, presentamos este modelo de intervención proposto por primeira vez por Ferreiro e Díaz (1996) e ampliado en posteriores traballos (Ferreiro, 2001) que, baixo o nome de “Estratexia Cuádrupla”, contempla a actuación simultánea en catro fronteas, para a intervención sobre as actitudes, en relación coa promoción da saúde:

- No ÁMBITO AFECTIVO, co obxectivo global da promoción da autoestima (partindo dun contexto no que a persoa se sinta querida, valorada e respetada polas demais), en relación coa diminución dos medos y o aumento da seguridade persoal, que permitan que a toma de decisións se faga dun xeito libre e, polo tanto, se asuma a responsabilidade que se deriva, excluindo as chaves da culpa.
- No ÁMBITO CONDUCTUAL, desproveer de finalidade as condutas intrapunitivas (en íntima relación coa exclusión das chaves de culpa) e tamén as extrapunitivas



- Tamén no **ÁMBITO CONDUCTUAL**, e como complemento do anterior, proporcionar habilidades alternativas de comunicación e para a conducta en xeral, que axuden ás persoas a conseguir os seus obxectivos dunha forma máis axustada ao logro dos mesmos e, polo tanto, máis saudable.
- No **ÁMBITO COGNITIVO**, propiciando o contexto necesario para que se produza a demanda de información e análise, e poder contribuir ao seu descubrimento.

CONTEXTO SOCIOEDUCATIVO E NECESIDADES DETECTADAS

Neste apartado describiremos as variables tanto internas como externas ao ámbito do centro **que consideramos poden ter máis relevancia na configuración das necesidades actuais da comunidade educativa**. Para presentar a continuación a **relación desas necesidades, previa exposición do xeito en que se avaliaron**.

O ENTORNO. SITUACIÓN XEOGRÁFICA E SOCIOECONÓMICA

O centro educativo está situado na vila de Muxía, capital do concello do mesmo nome, situado na parte noroccidental da provincia da Coruña, na Comarca de Fisterra situada na chamada “Costa da Morte”. O devandito concello ten unha extensión de 121 km² e unha poboación aproximada de 5700 habitantes distribuída en 14 parroquias, cun total de 102 núcleos de poboación (pequenas aldeas, na súa meirande parte). A poboación aparece moi diseminada e a escaseza de transporte público e as características xeográficas provocan certo illamento.

Hai que dicir que unha parte relevante da poboación véese afectada novamente pola emigración dende hai uns anos, debido ás dificultades para conseguir unha adecuada



estabilidade económica na zona, cun tecido empresarial pouco desenvolvido e poucas facilidades para o desprazamento, como sinalamos.

Na capital do concello vívese principalmente da actividade pesqueira, mentres que no resto do municipio as actividades principais son a agricultura, a gandería e as explotacións forestais. A vila de Muxía actúa de centro comercial e de servizos de todo o termo municipal.

Segundo consta nos documentos de centro, o nivel socioeconómico das familias é en xeral medio-baixo, cun nivel de estudos primarios ou de ensino secundario básico, existindo un certo número de familias cun baixo nivel socioeconómico.

Ademáis, é de destacar que a pobre oferta educativa existente na zona inflúe negativamente na continuación do alumnado en estudos postobrigatorios. En Cee (a 17 km de distancia da Vila) poden estudar bacharelato. Sen embargo, o alumnado que pretende continuar estudos de formación profesional e non está interesado nos ciclos ofertados en Cee (familias de administrativo, electricidade e electrónica, mantemento de vehículos e ciclo de coidados auxiliares de enfermaría) enfróntase á dificultade de saír da casa e vivir nunha cidade (A Coruña ou Santiago). A situación complícase aínda máis para o alumnado que opte pola FP Básica, tendo en conta que en moitos casos estamos a falar de alumnado moi novo e que as familias teñen que facerse cargo do desprazamento ata CEE.

A PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS NO CENTRO

Percíbese un bo nivel de implicación das familias nas actividades do centro. En xeral amosan interese polo proceso de aprendizaxe das súas crianzas e acoden ao centro con frecuencia a falar co profesorado titor na procura de información sobre o mesmo.

Nos casos en que se detectan dificultades co rendemento académico dos/as fillos/as, polo xeral as familias manifestan contar con poucos recursos e estratexias para reconducir a



situación. Asimesmo, manifestan expectativas baixas con respecto ao logro dos obxectivos académicos e/ou o futuro laboral dos seus fillos e as súas fillas. A labor de orientación dende o centro neste sentido adquire gran relevancia para o proceso educativo.

O CENTRO

Ensinanzas que se imparten:

No centro impártese só a etapa da ESO, con dúas liñas en 1º e 1 liña no resto dos cursos..

Medidas de atención á diversidade:

A continuación relaciónanse as MAD que se aplicarán no centro este curso:

a) Ordinarias:

1. Adecuación das programacións.
2. Reforzo educativo do profesorado de área: actividades de reforzo e recuperación, metodoloxías activas e participativas, emprego de recursos TIC, adaptacións nos instrumentos e procedementos de avaliación, atención individualizada...
3. A acción titorial: actividades, contidos e programas do PAT e POAP
4. Oferta de optativas: este curso organizouse unha área de libre configuración en 1º e outra en 2º adicadas ao reforzo de Lingua Castelá e Literatura.
5. Desdobramentos de grupos: este curso levaranse a cabo no 2º curso nas seguintes materias: Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Matemáticas e Inglés, Física e Química, Xeografía e Historia e Tecnoloxía
6. Programas de reforzo nas instrumentais básicas:
 - En 1º organizáronse 2 grupos de grupos de RE co alumnado con exención de Francés, un por cada grupo-aula, (adicando as dúas horas lectivas ao RE de Lingua Castelá e Literatura)



- En 2º organizouse un grupo de RE co alumnado con exención de Francés (adicando as dúas horas lectivas semanais ao reforzo da área de Matemáticas)

b) Extraordinarias:

1. Agrupamento flexible: este ano haberá agrupamentos en 1º, nas seguintes materias: Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Matemáticas e Inglés.
2. Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica: contamos cun mestre de PT con horario completo.
3. Adaptacións curriculares significativas (ACS)

Instalacións e equipamento:

En xeral, valoramos como adecuadas e suficientes as instalacións do centro, así como o aproveitamento das mesmas.

Ademáis das aulas ordinarias, dependencias da conserxería, despachos e salas de reunións, contamos con dúas aulas de apoio, pistas deportivas e patios de recreo, salón de actos, 2 bibliotecas, aula de plástica, aula de música e aula de informática, ben dotadas.

É de destacar como recurso unha sala de radio, preparada para emitir dentro do recinto escolar.

Recursos persoais:

Considerando que a orientación e a titoría forman parte da función docente, consideramos como recursos persoais a todos/as os/as docentes do IES, considerados tanto individualmente como dun xeito colectivo. E tamén a aqueles profesionais do ámbito educativo ou social externos ao centro cos que colaboraremos. Así, contamos con:

- Órganos colexiados de goberno e coord. docente: Claustro e Consello Escolar



- Equipo directivo

- CCP

- Departamentos Didácticos

- Equipo de Dinamización Lingüística

- Servizos e instancias externos ao centro: educativos (Inspección e EOE) e do contorno (servizos sociais do Concello, asociacións, ONGs,...)

A composición do DO é a que segue:

- O mestre de PT: Pablo Martínez Iglesias

- O titor do ámbito lingüístico-social: Ramón Blanco Fernández

- O titor do ámbito científico-tecnolóxico: Felipe Vázquez Gens

- A xefa do departamento de orientación dos CEIPs adscritos: Rebeca Santos Queiruga

- A xefa do departamento de orientación do IES: M^a Alicia Vilar Barreiro

Con respecto ao claustro deste centro, hai que salientar a provisionalidade dunha parte importante do mesmo, nomeada para cada curso académico, por estaren as prazas cubertas con persoal interino ou en expectativa de destino, situación que afecta mesmo á xefatura do departamento de orientación. A pesares das dificultades inherentes a esta situación na continuidade do proceso educativo, hai que destacar a labor do profesorado na atención á diversidade. O claustro amósase moi implicado no traballo co alumnado, procurando dar respostas axeitadas á diversidade que caracteriza os seus grupos, dirixíndose con frecuencia ao departamento de orientación na procura de asesoramento e/ou recursos especializados, e o equipo directivo facilita o traballo de equipo e a labor orientadora.



Recursos materiais:

O DO está ben acondicionado, equipado con acceso a Internet e liña telefónica e ubicado nun corredor onde tamén se atopan os despachos de dirección, secretaría, salas de profesores/as, de reunións, e xefatura de estudos, o que facilita a coordinación con todas as instancias.

O ALUMNADO

No IES están escolarizados/as 108 alumnos/as. A distribución do alumnado é a que segue:

1º	A: 20 B: 21
2º	27
3º	26
4º	14

O alumnado de 1º de ESO procede dos colexios públicos de educación infantil e primaria: CEIP de Vilarmide e CEIP Os Muíños. Hai unha estreita e fluída relación de colaboración entre os centros de primaria e o departamento de orientación.

No que atinxe ás características do alumnado, destacan pola súa importancia os seguintes factores que median as necesidades educativas ás que teremos que dar resposta:



- Ademáis dun alumno con NEE derivadas de discapacidade, escolarízase no centro un significativo número de alumnos/as, con dificultades de aprendizaxe, que en moitos dos casos coexiste cun baixo nivel de motivación cara ao escolar. Segun datos que constan no departamento, nos últimos anos observouse un índice de fracaso escolar bastante alto a pesares das fortes MAD e da gran implicación do profesorado cara á atención á diversidade. Na orixe das dificultades de aprendizaxe ou en interacción coas mesmas atópanse moitas veces factores ambientais ou sociais en relación co pobre autoconceito académico e as expectativas negativas sobre o propio desempeño, moitas veces precedidas dunha historia de fracaso escolar. Tamén están a influir os factores mencionados en relación coas baixas expectativas de logro no contexto familiar e a falla de estratexias para motivar conductas de maior nivel de implicación e compromiso coa tarefa dende a casa.

Precisarán especial atención o considerable número de alumnos e alumnas que amosan desmotivación en relación cos estudos e que se atopan en risco claro de abandonar o sistema educativo sen acadar o título da ESO.

- En canto ao clima de convivencia no centro, dicir que en varios grupos se teñen dado problemas en relación coa convivencia entre o alumnado que apuntan claramente á necesidade de intervir en dirección de traballar as habilidades de comunicación e relación e o bo trato.
- E por último, dicir que hai 2 casos de alumnado con diagnóstico de **altas capacidades**. Un destes alumnos ten unha adaptación curricular de ampliación na área de matemáticas.



AS NECESIDADES EDUCATIVAS DETECTADAS

Dende o modelo de orientación que describimos, para planificar a nosa actuación debemos partir da análise das necesidades reais concretas, tanto as necesidades sentidas como as que aínda non son percibidas como tales por parte dos/as implicados/as (neste último caso haberá que axudarlles a identificalas) Para detectar as necesidades valémonos dunha serie de estratexias e fontes, entre as que queremos destacar:

- Revisión e análise de documentación do centro (o Proxecto Educativo do centro, as instrucións de organización e funcionamento para o curso actual reflexadas na Programación Xeral Anual...) e do DO (especialmente do Plan de Orientación e da memoria do curso pasado)
- Entrevistas e conversas co profesorado e cos distintos membros do equipo directivo
- Reunións co profesorado titor.
- Participación na CCP e o claustro
- Reunións da orientadora cos/as especialistas de PT para revisar informes de alumnado con dificultades de aprendizaxe, análise de propostas de Medidas de Atención á Diversidade (MAD), análise de informes psicopedagóxicos e do seguimento realizado o curso pasado do alumnado con algún tipo de dificultade, etc...
- Estudo das demandas de asesoramento que recibe o DO.
- Reunións coas nais e os pais ao inicio do curso.



- Aportacións das institucións do contorno coas que xa se colaborou ou se inicia unha colaboración (Servizos Sociais do Concello, Centro Quérote, gabinetes psicopedagóxicos, ...)

Ademáis, consideramos que para poder facer unha boa detección e análise das necesidades é fundamental que todos os sectores da comunidade educativa participen activamente no proceso, que debe servir para aportar datos non só sobre a aprendizaxe dos alumnos e alumnas, senón tamén e especialmente sobre o contexto onde éstos/as se desenvolven, que nos sirvan de guía para as nosas actuacións. Para isto, o DO:

- Pon en marcha medidas para facilitar a apertura e/ou consolidación de canles de comunicación entre todos os sectores
- Asesora ao profesorado sobre as estratexias e os procesos de avaliación, (dende a recollida de información ata a súa análise e valoración) promovendo que esta sexa continua, sistemática e formativa.
- Promove e facilita os procesos de reflexión sobre a propia praxis por parte dos/as docentes
- Etc...

Como se desprende do dito ata aquí, a análise de necesidades é un proceso continuo e amplo que non comeza e remata no primeiro trimestre do curso (aínda que sexa máis exhaustivo neste momento), senón que comeza moito antes e vai acompañar todo o proceso de implementación deste plan para poder reorientalo se fose necesario.

En concreto, as necesidades detectadas nos distintos ámbitos, a partir da análise consensuada da situación de partida para este curso escolar, son as que relacionamos na seguinte táboa:



NECESIDADES DETECTADAS

Na intervención co alumnado

Atención á diversidade de intereses, motivacións, estilos de aprendizaxe, necesidades afectivas, coñecementos previos, etc... durante o proceso educativo.

Motivación pola aprendizaxe.

Mellorar as TT instrumentais básicas de lectura, escritura, expresión e cálculo.

Aprendizaxe de TTI e, en xeral, estratexias que lles permitan aprender por sí mesmos/as.

Mellora do clima relacional nas aulas

Educación en actitudes que favorezan a convivencia e o respecto polas demais persoas e a igualdade entre os xéneros.

HH de comunicación: de escoita, de expresión adaptada dos desexos e sentimentos...

HH de resolución de conflitos e de negociación.

Capacitación para a toma de decisións.

Incremento da súa confianza básica e o nivel de seguridade persoal.

Desmotivación de conductas agresivas e violentas.

Identificación co centro e sentimento de pertenza

Orientación no proceso de madurez vocacional.

Información sobre o SE, os distintos itinerarios académicos e as posibles saídas formativas e laborais

Educación para a autonomía e a responsabilidade.

Axudas adecuadas que compensen as dificultades asociadas a condicións vitais ou socioeconómicas desfavorables.

Na intervención co profesorado

Formación sobre aspectos psicopedagóxicos, didácticos e metodolóxicos

Formación sobre a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.

Formación para responder á diversidade educativa

Potenciación da investigación na acción

Na intervención coas familias

Información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas, e orientación sobre cómo apoiar este proceso.

Información sobre o sistema educativo e o itinerario académico dos seus fillos e fillas

Asesoramento sobre a seu papel de pais/nais: cómo exercelo dun xeito máis saudable e



satisfactorio.

Motivación da implicación no proceso educativo e achegamento ao centro: creación de sentimento de pertenza

Na intervención co centro

Apoio na organización das medidas de atención á diversidade.

Apoio na revisión do Plan de Convivencia do centro e na adecuación dos protocolos e as medidas para a mellora da convivencia.

Mellora das canles de participación e a coordinación entre as distintas instancias.

Ampliación das liñas de colaboración coas institucións do contorno.



OBXECTIVOS

Partindo das necesidades detectadas e relacionadas no apartado anterior, en base á concepción que da orientación se ten no sistema educativo actual, seleccionáronse os seguintes obxectivos cara aos que se van dirixir as actuacións deste departamento:

OBXECTIVOS XERAIS

- Contribuir á mellora do proceso de ensino-aprendizaxe, dotando á comunidade educativa dunha maior capacidade para apoiar o desenvolvemento integral das persoas.
- Contribuír á madurez persoal e vocacional dos alumnos e alumnas.
- Promover o establecemento de relacións satisfactorias e saudables entre os membros da comunidade educativa

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

Alumnado:

- Axudalos/as a construír actitudes saudables en relación con eles/as mesmos/as e co medio
- Facilitar a toma de decisións responsable sobre o seu propio futuro, ben sexa no ámbito académico, profesional, ou ante calquera outra decisión sobre a súa vida.
- Promover a integración e a aceptación das diferencias no seo dos grupos.
- Facilitar a cohesión grupal y o clima de confianza necesarios para o proceso de aprendizaxe.
- Facilitar o máximo desenvolvemento posible das capacidades de todos/as e cada un/unha dos/as alumnos/as dun xeito integral.



- Contribuir a que o alumnado dispoña das axudas que requira en cada momento, en función das súas necesidades educativas.
- Previr dificultades de aprendizaxe e en xeral de adaptación en calquera momento do seu desenvolvemento, contribuíndo á adquisición das habilidades (factores de protección) necesarias.

Profesorado:

- Facilitarlles a adquisición das habilidades e estratexias necesarias para exercer a súa función de mediación cos alumnos/as.
- Promover a progresiva inclusión do modelo constructivista-interaccionista no proceso de ensinanza.
- Contribuir á adecuada atención á diversidade nas aulas.
- Axudarlles a desenvolver estratexias máis satisfactorias para a intervención en conflitos e fronte a conductas desadaptativas entre o alumnado.
- Contribuir a incrementar a súa motivación.
- Facilitar e promover os procesos de reflexión sobre a práctica educativa.
- Contribuír a identificar as necesidades formativas dos/as docentes e emprender as accións necesarias para satisfacelas.
- Impulsar a coordinación entre todas as persoas implicadas no proceso educativo.
- Asesoralos na adaptación do currículo nos distintos niveis dos que teñen que responsabilizarse (PD, PA, AC, etc...)
- Impulsar un cambio na concepción da avaliación cara a un modelo máis acorde cos paradigmas pedagóxicos descritos: que sexa continua e formativa, que parta da reflexión conxunta y sirva para reorientar o proceso.
- Impulsar a intervención coeducadora.



- Aportarlles a axuda técnica necesaria para a intervención co alumnado con necesidades educativas especiais.

Familias:

- Promover a súa implicación nas decisións sobre a marcha do centro e, en xeral, a súa colaboración no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Contribuir a crear vías de comunicación e coordinación co profesorado para unificar criterios e pautas educativas.
- Axudalas a establecer relacións saudables coas fillas e fillos, que apoiem o seu desenvolvemento.
- Contribuir a que se sintan máis seguras na súa labor educativa.
- Aportarlles coñecementos sobre o proceso evolutivo dos seus fillos e fillas.
- Axudalas a coñecer o funcionamento do sistema educativo.
- Ofrecerlles información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

Centro:

- Promover a implicación de todos os membros da comunidade educativa na toma de decisións e a vida no centro.
- Participar na elaboración ou procesos de actualización ou mellora dos documentos necesarios para orientar o proceso educativo (Plan de Convivencia, Proxecto curricular, PAT, POAP, ...).
- Favorecer a participación dos órganos colexiados na dinámica da acción titorial e orientadora.
- Contribuir á mellora do clima de convivencia no centro.



- Favorecer unha adecuada distribución dos espazos, horarios, grupos de alumnos/as, e outras medidas organizativas necesarias para favorecer a integración do alumnado con n.e.e. e, en xeral, a atención á diversidade.
- Impulsar a colaboración coas distintas instancias do entorno (servizos sanitarios e sociais do Concello, ONGs, asociacións de apoio a persoas con diversos tipos de dificultades, outros centros educativos, asociacións veciñais, centros socioculturais, etc...)

Estes obxectivos se concretarán en metas específicas dentro das liñas de acción plantexadas nos distintos programas.



PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS

Co obxecto de dar resposta ás necesidades detectadas, planificouse a actividade do D.O. para o presente curso en torno a 6 programas. Éstes contribuirán, no seu conxunto, ao logro dos obxectivos expostos no apartado anterior, e polo tanto, incluírán as actuacións concretas nos tres ámbitos da orientación: (1) atención á diversidade e apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe, (2) orientación vocacional, e (3) acción titorial.

A organización do traballo nestas unidades máis concretas permite operativizar as actuacións e o seu seguimento. Sen embargo, somos conscientes da intensa relación que se da entre o contido dos diferentes programas. Precisamente a exploración dos factores que subxacen ás necesidades educativas encontradas, a análise das relacións entre eles e a extracción das claves comúns, nos permiten construír un modelo vertebrador da intervención. Isto fai posible centrar a mesma en aspectos puntuais relevantes e deseñar actuacións concretas que, globalmente consideradas, han contribuír á satisfacción das necesidades detectadas e por tanto, a optimizar o proceso educativo.

Deseguido, no primeiro punto deste apartado, se presentan, organizados por ámbitos, os seis programas, expoñendo para cada un deles: unha breve xustificación, os seus obxectivos e contidos e as accións prioritarias propias do DO (necesarias para levar a cabo a súa implementación), adecuadamente temporalizadas e sinalando as persoas implicadas na súa realización.

E nun segundo punto se relacionan aquelas accións prioritarias propias do DO que son transversais aos distintos ámbitos ou dirixidas a varios programas, que nos van permitir desenvolverlos con maior eficacia.

PLANIFICACIÓN DOS PROGRAMAS POR ÁMBITOS

ACCIÓN TITORIAL

PROGRAMA DE ACOLLIDA, EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE E PROMOCIÓN DA CONVIVENCIA

XUSTIFICACIÓN:

O clima relacional do centro é unha variable de transcendencia fundamental no proceso educativo. Se o centro é unha comunidade inclusiva onde se aceptan e respetan as diferencias, se promove a participación e se integran as distintas aportacións dun xeito consecuente cos valores democráticos, teremos moito camiño andado na dirección adecuada. No contexto das aulas, o intercambio de opinións diversas dentro de grupos cohesionados cos que o alumnado poida establecer relacións de identificación, vai contribuír á ampliación dos campos cognitivo e afectivo grupais (e, polo tanto, ao seu enriquecemento) E vai facilitar a construción de actitudes de solidariedade e respeto, que teremos que apoiar. Isto é, a diversidade existente no alumnado e os espazos de relación cos que contamos deben ser instrumentalizados para favorecer o desenvolvemento de todas as persoas. Para isto, consideramos necesario poñer en marcha un programa con actuacións específicas que agora presentamos, entre as que van ter un lugar fundamental a formación do profesorado nos procesos grupais, así como as actuacións promotoras da participación e as aportacións de todos os sectores e membros da comunidade educativa.

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
<ul style="list-style-type: none"> ○ Promover no centro e nas aulas o clima relacional adecuado para apoiar o desenvolvemento psicoafectivo e a inserción social do alumnado. ○ Promover a igualdade de oportunidades e o máximo desenvolvemento posible das capacidades de todo o alumnado ○ Previr situacións de fracaso e/ou abandono escolar ○ Previr situacións de discriminación e desigualdade por razóns culturais, de xénero ou calquer outro factor de diferenciación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Promover o desenvolvemento de dinámicas pedagóxicas facilitadoras da convivencia. ▪ Aportar aos distintos axentes de socialización algunhas chaves necesarias para a educación en igualdade. ▪ Contribuir á inclusión dos contidos da educación para a igualdade e a coeducación, nas programacións das áreas, de xeito transversal. ▪ Axudar ao alumnado a construír actitudes de solidariedade e respecto ▪ Promover o desenvolvemento de habilidades de comunicación ▪ Promover o equilibrio psicoafectivo e a madurez persoal do alumnado ▪ Favorecer a adquisición das habilidades de comunicación e de estratexias impunitivas de xestión da agresividade e de resolución de conflitos. ▪ Promover o desenvolvemento dos valores democráticos. ▪ Aumentar o sentimento de pertenza ao grupo e ao centro e a autoestima do alumnado ▪ Contribuír á participación activa e responsable do alumnado no centro. ▪ Instrumentalizar a diversidade cultural que caracteriza o centro e a comunidade para o enriquecemento de todos e todas, promovendo a inclusividade. ▪ Facilitar o establecemento de relacións en termos de igualdade entre os xéneros

- Previr situacións de violencia, rechazo ou illamento.
- Servir de ponte entre as familias do alumnado extranxeiro e a comunidade, facilitándolles o acceso aos servicios existentes.

BLOQUES DE CONTIDOS

✗ Educación para a convivencia e a paz ✗ Habilidades sociais e resolución de conflitos ✗ Procesos grupais ✗ Escola inclusiva

ACCIÓN S PRIORITARIAS do DO

ACCIÓN S PRIORITARIAS do DO	Principais Implicad@s	Temporalización
Colaborar na revisión do Plan de Convivencia do centro e a adaptación das NOF e/ou do resto dos documentos que no centro orientan a práctica educativa, se fose necesario, promovendo a colaboración de todas as instancias implicadas.	ED, docentes X. deleg.	Curso
Propostas á CCP para a inclusión da educación para a convivencia e para a paz, así como coeducación, no currículo a través de todas as áreas e asesoramento sobre as metodoloxías facilitadoras do cambio de actitudes.	CCP	Inicio curso
Proposta de actividades no PAT para contribuír á cohesión do grupo e á construción de actitudes de respecto e solidariedade	DO, CCP titores/as	Setembro
Proposta de actividades no PAT para o traballo específico para promover actitudes que favorezan a igualdade entre os xéneros e previr situacións de violencia.	DO, CCP, titores/as	Setembro

Canalizar as suxerencias do alumnado en relación ás NOF feitas dende as reunións de titoría ou dende a xunta de delegados/as	Titores/as	Curso
Colaboración co ED e profesorado titor na preparación das sesións de presentación para as familias e na elaboración de dossieres onde figure o calendario escolar, calendario de avaliacións e entrega de notas, calendario de reunións cos pais, plano do centro, horario do alumnado, listado de profesores por materia e aula e normas básicas de convivencia, etc...	DO, TITORES/AS ED	Inicio curso
Primeiro contacto e acollida das familias do alumnado de nova incorporación ao centro, para impulsar a súa colaboración no proceso educativo dende o inicio, nun clima de aceptación e respecto, aportándolles a información necesaria en relación co centro, os procesos de ensino e o propio DO (horario, funcións, etc...), e recollendo información relevante para a aprendizaxe dos seus fillos e fillas.	XDO	Inicio de curso ou cando haxa unha nova incorporación
Proposta de actividades para incluír no PAT ou nas distintas áreas para contribuír á acollida do alumnado extranxeiro de recente incorporación ao centro (ex: activ. de presentación inicialmente e, máis adiante, relatar ao grupo cómo é o seu país de orixe, costumes,...)	Titores/as EAL CCP	Inicio do curso
Asesoramento ao profesorado sobre os procesos grupais	XDO Claustro	Curso
Asesoramento ao profesorado e ás familias para a análise das claves actitudinais que están detrás	ANPA Claustro	Curso

dos comportamentos agresivos e violentos, e a desmotivación dos mesmos.		
Asesoramiento individualizado ás familias ante as dificultades para poñer límites e para negociar as normas.	XDO	Curso
Obradoiros grupais dirixidos a nais e pais, onde se traballe de xeito activo e participativo, dende a liña non directiva, partindo das dificultades expresadas polas persoas participantes, diversas cuestións en relación coa labor educativa como nais e pais (a comunicación, o conflito, a negociación, a transmisión de determinadas actitudes, a xestión impunitiva da frustración, etc...). O deseño e implementación dos mesmos se realizará dende a perspectiva de xénero, de xeito que se facilite a reflexión sobre as propias actitudes neste ámbito, de cara a facilitar unha educación en igualdade.	XDO	Dende o 2º trimestre
Xestión da asistencia do alumnado do centro aos actos e/ou obradoiros organizados polo Concello e actividades no centro en relación coa Conmemoracións do 25 de Novembro e o 8 de Marzo.	XDO	Novembro e Marzo
Organización da visita do alumnado de 6º de EP dos CEIP e a das súas familias, en colaboración co DO dos mesmos, ao IES, para facilitar o tránsito entre etapas	DO	Xuño

XUSTIFICACIÓN:

A adolescencia é un período de cambios e unha etapa crucial na conformación da identidade. Os cambios nas necesidades das persoas nesta etapa, especialmente no xeito de satisfacelas, van contribuir á expresión de determinadas conductas que teñen un risco para a saúde, o que adoita suscitar medos e preocupación entre as persoas responsables do seu coidado e educación. Consideramos que a intervención para a prevención das mesmas ten que darse dende a perspectiva da *promoción da saúde*, traballando dun xeito integral e transversal as tres compoñentes das actitudes para promover o desenvolvemento de relacións responsables e, polo tanto, máis saudables e satisfactorias, das persoas con elas mesmas e co contorno. E que esta intervención debe insertarse no proceso educativo dende as primeiras etapas, anque se establezan actuacións máis específicas nos tramos superiores da escolarización.

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
<ul style="list-style-type: none"> ○ Promover actitudes saudables no alumnado. ○ Facilitar o proceso de madurez persoal ○ Previr conductas de risco. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Axudar aos alumnos e alumnas a lexitimar as súas necesidades, desexos e sentimentos. ▪ Axudarlles a identificar e satisfacer as súas necesidades. ▪ Promover a construción de motivacións axustadas. ▪ Contribuir a axustar a percepción subxectiva do risco. ▪ Contribuir a elevar a súa autoestima. ▪ Axudarlles a tomar decisións dun xeito libre (na medida en que non estean mediadas polo medo e a culpa) e, por tanto, responsable. ▪ Axudarlles a resituar nelas/es a responsabilidade do seu benestar. ▪ Promover o desenvolvemento da asertividade e, en xeral, habilidades de comunicación e de relación adaptativas. ▪ Contribuir a diminuir e/ou previr prácticas sexuais de risco, abuso de drogas, trastornos alimentarios, etc... ▪ Contribuir á capacitación dos distintos axentes educativos na promoción de actitudes saudables

BLOQUES DE CONTIDOS

✗ Educación de actitudes ✗ Necesidades e motivación ✗ Frustración ✗ Percepción subxectiva do risco

ACCIONES PRIORITARIAS do DO	Principais Implicad@s	Temporalización
Inclusión na proposta do PAT de actividades en relación cos obxectivos e contidos descritos e apoio aos/ás titores/as no seu desenvolvemento, asesorándoos, aportando recursos e participando nas sesións cando sexa necesario.	CCP Titores/as	Setembro Curso
Elaboración e coordinación da implantación no centro dun proxecto para a promoción da saúde, ao abeiro do Plan Proxecta, cos centros Quérote+	XDO	Inicio curso
Propostas á CCP para a inclusión dos contidos actitudinais nas programacións didácticas, asesorando aos departamentos sobre criterios metodolóxicos e actividades adecuadas para traballar este tipo de contidos, así como para avalialos.	DO, Titores/as	Curso
Asesoramento ao profesorado sobre: os procesos relacionados coa construción das actitudes e das motivacións, a instrumentalización do grupo para promover a aprendizaxe de actitudes saudables, a importancia do currículo oculto na transmisión das actitudes, o traballo na liña non directiva, etc...	XDO	Curso
Obradoiros grupais para nais e pais nos que se analizarán as claves da educación de actitudes na relación cos seus fillos e fillas, o xeito en que se transmiten, as dificultades no proceso...	XDO ANPA	Desde 2º trimestre
Asesoramento individualizado ao alumnado e familias cando sexa necesario	XDO	Curso

ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

PROGRAMA DE APOIO Á ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

XUSTIFICACIÓN:

A vertente vocacional da orientación no contexto escolar, que debe ser un proceso continuo e extenso, cobra relevancia ou, por mellor dicir, adquire un carácter máis concreto, na Educación Secundaria Obrigatoria, onde, dada a crecente optatividade, faise imprescindible a planificación de intervencións, nun principio grupais, de asesoramento específico sobre os distintos itinerarios polos que o alumnado pode optar, sobre todo ó finalizar a etapa. Estas intervencións deben contribuir a promover a madurez vocacional do alumnado, a través dun mellor coñecemento das distintas opcións académicas e profesionais, así como de si mesmos/as, e do acceso a estratexias de toma de decisións satisfactorias, no contexto do seu proxecto vital global, que se está conformando en estas idades. Pola súa vez, nestas intervencións teremos en conta a necesidade de atender á diversidade de intereses, motivacións, necesidades... do alumnado, coa promoción do desenvolvemento integral das persoas e a igualdade de oportunidades como obxectivos últimos.

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
<ul style="list-style-type: none"> ○ Contribuir á madurez persoal e vocacional do alumnado e á súa inserción social e laboral ○ Contribuir á autonomía e autoorientación ○ Promover a igualdade de oportunidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Axudar ao alumnado a ir asumindo progresivamente maiores cotas de responsabilidade e autonomía. ▪ Promover o aumento da autoestima e da seguridade persoal de alumnado, de xeito que se favoreza a toma de decisións libre e responsable. ▪ Contribuir ao coñecemento de sí mesmos/as, das distintas opcións a nivel académico e profesional, e do mercado laboral ▪ Ensinarlles a obter e analizar dun xeito crítico a información relevante para a toma de decisións ▪ Axudalos/as na toma de conciencia das súas necesidades, intereses e desexos e a convertilos en metas para a acción. ▪ Orientalos/as na elaboración de plans vocacionais realistas a medio e longo prazo, como parte do proxecto vital global. ▪ Promover o progresivo avance cara a autoorientación. ▪ Aumentar as expectativas sobre as súas propias posibilidades. ▪ Promover a igualdade no acceso á formación ou áreas laborais, con especial atención á igualdade entre mulleres e homes. ▪ Axudarlles a capacitarse para adaptarse ás necesidades cambiantes do mercado laboral con

flexibilidade e creatividade.

- Contribuir á integración dos procesos de orientación vocacional no currículo, nas distintas áreas

BLOQUES DE CONTIDOS

✗ Toma de decisións ✗ Autoestima e autoconceito ✗ Responsabilidade ✗ Itinerarios formativos ✗ Ins. sociolaboral

ACCÍONS PRIORITARIAS do DO

Principais Implicad@s **Temporali-
zación**

Elaboración da proposta do POAP, partindo das directrices da CCP, participación na súa elaboración, responsabilizándose da súa redacción final, recollendo as aportacións de todas as persoas implicadas

DO, CCP
Titores/as

Inicio
curso

Propostas á CCP para a inclusión dos contidos da OV de xeito transversal nas áreas

DO, CCP

Curso

Propostas para a inclusión no PAT de actividades en relación cos obxectivos e contidos descritos e apoio aos/ás titores/as no seu desenvolvemento.

CCP
Titores/as

1º mes
Curso

Preparación de dossieres con información básica seleccionada para os distintos cursos, que se porán a disposición do profesorado: opcionalidade na ESO, bacharelato e as súas modalidades, FPBásica, probas de acceso a ciclos medios, etc...

XDO
ED

Curso

Elaboración dunha presentación interactiva en "Impress" para a autoorientación do alumnado

DO

Curso

Participación na formación do profesorado e as familias sobre a educación de actitudes, en particular as estratexias para axudar aos/ás alumnos/as no proceso de asumir progresivamente maiores cotas de responsabilidade e autonomía.

XDO
Titores/as

Curso

Distribución aos titores/as de 3º e 4º da ESO de cuestionarios para a avaliación da situación do seu grupo

DO

1º trim.

de alumnos/as no que atinxe ás necesidades de orientación neste ámbito e participación con eles/as na análise da información recollida para orientar as actuacións.	Titores/as	
Organización dunha xornada de orientación no IES, cunha mesa redonda sobre distintas profesións, tendo en conta os intereses manifestados polo alumnado	DO CCP, ED	Curso
Organización dunha sesión orientativa para o alumnado de 6º de primaria e outra para as súas familias sobre a transición á nova etapa da ESO, os cambios que implica e a opcionalidade prevista na mesma.	XDO ED	3º trim.
Proposta e organización para o alumnado de 4º da ESO, de visitas aos centros da zona e a algún da cidade de A Coruña que imparten Bacharelato, Ciclos de Formación Profesional de GM de maior interés entre o alumnado, ou que oferten ciclos de Formación Profesional Básica (neste caso co alumnado que se prevé rematará o período de escolaridade obrigatoria sen acadar titulación), e colaboración na inclusión da conexión desas actividades cos contidos das áreas.	CCP, ED Dpto. A. Extraesc	Inicio curso
Atención individualizada ao alumnado e familias nos casos en que as actuacións anteriores non resulten suficientes e persistan necesidades máis específicas.	Titores/as	Curso

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E APOIO AO PROCESO DE ENSINO/APRENDIZAXE

PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E OPTIMIZACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

XUSTIFICACIÓN:

A diversidade crecente entre o alumnado dos nosos centros, pode e debe constituir, como xa dixemos, un factor enriquecedor para o proceso de ensino-aprendizaxe. Para que isto se dé neses termos, é necesario que a atención á diversidade e os valores da escola inclusiva estén integrados na cultura do centro e tamén no currículo. É fundamental que se dé unha boa planificación de medios, espazos, recursos... para dar resposta ás necesidades diversas de todo o alumnado. Dacordo cos principios de *Normalización, Integración e Sectorización*, hai que establecer as medidas ordinarias necesarias para diminuír no posible a necesidade de recurrir ás máis específicas. E para iso será esencial ter en conta os aspectos afectivos e o clima relacional nas aulas que permita o adecuado desenvolvemento das persoas que as integran, nun contexto positivo de aceptación e respecto polas diferencias. Todo isto require unha coidada planificación tanto dos procesos avaliadores como das intervencións.

OBXECTIVOS XERAIS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- | | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ○ Contribuir á optimización do proceso de E/A, adaptándoo ás peculiaridades de cada alumno/a. ○ Facilitar a integración de todas as persoas, promovendo actitudes de aceptación e respecto polas diferencias. ○ Contribuir a que todos/as acaden os obxectivos xerais de cada etapa. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Facilitar que todas/os se sintan integrados/as no centro. ▪ Contribuir ao desenvolvemento de actitudes de aceptación e respecto polas demais persoas. ▪ Contribuir a elevar a autoestima do alumnado. ▪ Contribuir á ampliación do campo cognitivo e afectivo grupal, a través do intercambio de opinións diversas no contexto dun grupo cohesionado. ▪ Asesorar ao profesorado sobre a detección das dificultades do alumnado ▪ Contribuir a que o alumnado dispoña das axudas que requira en cada momento, en función das súas necesidades educativas. ▪ Contribuir á inclusión de medidas xerais de atención á diversidade nas PA. ▪ Contribuir a incluír no curriculum unha oferta diversificada de opcións de aprendizaxe en función dos distintos intereses, capacidades, motivacións... ▪ Aportar a axuda técnica necesaria para a intervención educativa co alumnado con n.e.e ▪ Facilitar a coordinación entre docentes nas intervencións ▪ Impulsar a avaliación formativa, os procesos de reflexión sobre a práctica e contribuír á mellora da calidade e a innovación educativa. |
|--|--|

BLOQUES DE CONTIDOS

✗ Inclusividade ✗ Constructividade e interactividade na aprendizaxe ✗ MAD ✗Avaliación formativa e toma de decisións

ACCIÓNS PRIORITARIAS do DO	Principales Implicad@s	Temporali-zación
<p>Contribuir, como membros da CCP, á revisión das programacións didácticas, asesorando ao profesorado en relación á inclusión das seguintes medidas para facilitar á atención á diversidade:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Adaptación do DCB ao contexto do centro. ○ Priorización dos obxectivos específicos para facilitar as adaptacións necesarias ante as necesidades educativas que poidan aparecer. ○ Priorización dos contidos en función da súa contribución aos obxectivos. ○ Inclusión de criterios metodolóxicos que permitan unha mellor atención á diversidade na aula. ○ Diversidade de actividades para o logro dun mesmo obxectivo. ○ Equilibrio entre os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais, con especial atención ás actitudes de aceptación e respecto polas diferenzas. ○ Avaliación criterial, formativa, e idiográfica (que teña en conta a situación de partida de cada alumno/a). Avaliación inicial + procesual + final. ○ Determinación dos os estándares de aprendizaxe e dos mínimos esixibles. ○ Adecuada secuenciación dos contidos a través dos ciclos/cursos e etapas. 	DO, CCP	1º trim.
Asesoramento sobre adecuada distribución de espazos, horarios, agrupamentos e outras medidas	DO, ED	Fundament.

organizativas para favorecer a integración do alumnado con n.e.e.		inicio
Difusión de información sobre as medidas de adecuación curricular que a lexislación educativa contempla, desde as máis inespecíficas ás ACI.	DO	Setembro
Información sobre o protocolo a seguir para solicitude de ACI e rexistro en documentos de centro.	DO Titores/as CCP	Reunión de avaliación inicial
Asesoramento ao profesorado na selección e/ou deseño de actividades e materiais educativos adaptados ao seu alumnado.	DO	Curso
Asesoramento aos/ás titores/as na súa función de coordinación das medidas de adecuación do currículum para cada alumno/a	DO Titores/as	Curso
Avaliación psicopedagóxica do alumnado e realización do informe correspondente.	XDO Titor/a	Curso
Participación nas sesións de avaliación, contribuíndo á análise das dificultades do alumnado e á toma de decisións consensuada sobre as medidas a tomar.	DO Claustro	Curso
Apoio na inclusión no currículum de actividades de enriquecemento curricular	DO	Curso

Promoción do uso das técnicas de traballo cooperativo entre o profesorado	DO Claustro	Curso
Difusión entre o profesorado (a través da plataforma informática) de documentos con información básica acerca do traballo con alumnado con determinadas dificultades específicas e recomendacións sobre a metodoloxía de traballo na aula para adaptarse ás necesidades do alumnado con estas dificultades e facilitar o seu desenvolvemento.	DO	Curso
Búsqueda de recursos na comunidade para facilitar o acceso a programas de apoio educativo gratuitos ao alumnado que o precise pola súa situación de desvantaxe social.	DO	1º trimestre
Tramitación das becas para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que ofrece o MEC: información ás familias que sexan posibles receptoras sobre as bases da convocatoria e realización dos informes necesarios para acompañar as solicitudes.	XDO	Setembro
Reunións, cando se precise, do DO, así como deste con persoas implicadas no proceso educativo de alumnado con NEE: titor/a, PT, familias e ou organizacións do contorno que apoiem ao alumnado ou ás familias no seu desenvolvemento co obxectivo de facilitar a coordinar as actuacións e realizar o seguimento das MAD.	DO Titores Familias Institucións	Curso

PROGRAMA DE TÉCNICAS DE ESTUDO E APRENDIZAXE AUTÓNOMA

XUSTIFICACIÓN:

Este programa foi concebido como un apoio máis á capacitación do alumnado para acadar un nivel progresivamente máis alto de autonomía e madurez, reforzando os seus logros e axudándolles a obter un maior rendemento no seu proceso de aprendizaxe, o que pola súa vez traerá consigo un maior nivel de seguridade sobre os seus logros, e un incremento da motivación polo estudo. Isto contribuirá a previr situacións de “fracaso escolar” e abandono prematuro do sistema educativo, que actualmente afectan a un gran número de alumnos e alumnas nas nosas escolas, diminuindo o nivel das súas expectativas sociolaborais.

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
<ul style="list-style-type: none">○ Contribuir á optimización do proceso de E/A○ Contribuir a que o alumnado “aprenda a aprender”, e por tanto á súa	<ul style="list-style-type: none">▪ Promover a responsabilidade e autonomía en relación coas súas aprendizaxes.▪ Contribuir a elevar as expectativas de logro e por tanto a autoestima.▪ Contribuir a incrementar a motivación polo estudo.▪ Promover a aprendizaxe significativa e funcional e a memorización comprensiva vs. a aprendizaxe por repetición.▪ Axudarlles a desenvolver estratexias de organización e análise da información.

<p>autonomía e á progresiva autoorientación.</p> <p>○ Previr dificultades de aprendizaxe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Promover hábitos positivos de estudio. ▪ Proporcionar estratexias para a búsqueda autónoma de información.
---	---

BLOQUES DE CONTIDOS

✗ Hábitos e técnicas de estudio ✗ Estratexias de aprendizaxe ✗ Aprender a pensar ✗ Motivación ✗ Avaliación

ACCIÓNS PRIORITARIAS do DO	Principais Implicad@s	Temporali-zación
----------------------------	-----------------------	------------------

Prop. de activ. a incluir no PAT e transversalmente, nas áreas, para traballar estas estratexias (lectura e análise de textos, entrenamento en suliñado e realización de sínteses e esquemas, construción de mapas conceptuais e de ideas, exposicións ante a clase de temas de interese, etc...) e orientacións metodolóxicas ao profesorado.	CCP, Titores/as	1 ^{er} trimest. Curso
Impulsar a coordinación para consensuar criterios para o reforzo da aprendizaxe das técnicas de estudio e de traballo intelectual desde todas as áreas	CCP Claustro	1 ^{er} trimest
Propostas para incluir nas actividades dende distintas áreas ou materias os recursos da biblioteca do centro e a creación de “bibliotecas de aula”, para fomentar a lectura (cada alumno/a traerá un libro e se establecerá un sistema de préstamo, intercambiando os libros semanal ou quincenalmente, a elección do alumnado)	DO Titores/as Persoal biblioteca	Desde 1 ^{er} mes

Asesoramento ao profesorado nos procesos metodolóxicos que promovan a aprendizaxe significativa e funcional e a motivación do alumnado.	DO	Curso
Asesoramento ao profesorado, a través da CCP e individualmente cando así o demanden, sobre estratexias metodolóxicas para avaliar a aprendizaxe de xeito continuo, criterial, global e participativo por parte do alumnado, de xeito que resulte un proceso activo, formativo e motivante para eles/as e que favoreza o autocoñecemento e a responsabilidade.	CCP Claustro	Curso

PLANIFICACIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS XERAIS

ACCIÓNS PRIORITARIAS	Principais Implicad@s
1º TRIMESTRE	
Presentación á CCP da proposta de POAP para este curso, seguindo as súas directrices, e as propostas dos/as titores/as	CCP Titores/as
Colaboración co profesorado na realización da avaliación inicial nos distintos cursos	Titores/as
Deseño dos obradoiros formativos para as familias sobre os distintos núcleos temáticos que se foron mencionando nos parágrafos anteriores, como parte dos distintos programas do DO.	DO ANPA ED
Participación no proceso de coñecemento e avaliación inicial do alumnado en todos os aspectos do seu desenvolvemento, a nivel individual e grupal (facilitando protocolos de recollida de información, orientacións metodolóxicas, pautas para a análise, etc...)	DO Titores/as
Elaboración do plan de orientación para este curso académico	DO
Impulso da figura de delegado de curso, convocando aos/ás delegados/as de todo o centro para recoller suxestións, difundir información, ... en torno á acción tutorial, a convivencia no centro, a orientación profesional...	XDO XE
2º TRIMESTRE	
Seguimento das actividades previstas neste plan.	DO
Análise de necesidades formativas do profesorado e proposta de actividades formativas grupais.	DO

3º TRIMESTRE	
Análise dos datos recollidos para a avaliación do plan e elaboración da memoria do departamento, solicitando á CCP pautas de mellora para o vindeiro curso	DO
TODO O CURSO	
Colaboración co profesorado no desenvolvemento do PAT, tanto na atención directa grupal ou individualizada co alumnado como na relación coas familias, ofrecendo asesoramento, materiais e axuda directa.	DO Titores/as EAL
Organización do taboleiro de orientación con información aos alumnos e as familias, en colaboración cos/as delegados/as de alumnos/as e o profesorado titor.	Titores/as Delegados/as
Asesoramento individualizado a alumnado e familias cando sexa preciso	DO
Avaliación e informe psicopedagóxico do alumnado	XDO
Recollida e síntese de suxerencias dos distintos axentes educativos e elaboración de propostas de actuación	DO
Asistencia a xornadas formativas de orientación difundindo a información e materiais recollidos	XDO
Elaboración da proposta de adquisición de novo material bibliográfico e didáctico	XDO
Elaboración do inventario do DO	XDO

ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

No primeiro apartado deste plan describimos unha serie de principios teórico – prácticos nos que se basearán as actuacións deste departamento. Partindo destes grandes principios, tanto no proceso de planificación como de implementación e avaliación das accións propostas, nos servimos dunha serie de estratexias organizativas e metodolóxicas que agora concretaremos:

- **O apoio a asesoramento á comunidade educativa constituirá o eixe central da intervención:** o primeiro que temos que ter en conta é a organización da orientación no noso Sistema Educativo en tres niveis de actuación interdependentes (a acción titorial o Departamento de Orientación e os Equipos Específicos ou de Sector) cada un subsidiario do anterior. O DO actúa sobre o proceso educativo fundamentalmente a través do seu apoio e asesoramento á labor docente (podendo abordar dun xeito directo tarefas máis especializadas) e a súa labor será apoiada, pola súa vez, pola intervención do Equipo Específico.

Así, o DO actuará fundamentalmente contribuindo a dotar á comunidade educativa dunha maior capacidade para apoiar o desenvolvemento integral das persoas, promovendo e facilitando a implicación e a formación necesaria dos distintos axentes.

- **A consulta colaborativa como modelo de asesoramento:** No que atinxe ao proceso de apoio e asesoramento, actuaremos **dun xeito facilitador, non directivo**, axudando aos distintos axentes a identificar as súas necesidades, establecer metas consensuadas, e poñer en marcha as estratexias e mecanismos adecuados para chegar a elas. E farémolo no marco dun modelo de

asesoramento, o de **consulta colaborativa** (descrito por Bisquerra, 1998), que implica o traballo nun contexto de colaboración e participación, buscando o maior grao de consenso e sintonía no desenvolvemento de cada actuación.

- **Impulso dos mecanismos organizativos e o clima relacional que facilite o intercambio de comunicación e a colaboración entre todos os sectores.** É fundamental abrir canles e impulsar mecanismos de comunicación entre todas as persoas e instancias implicadas no proceso (tanto internas como externas aos centros). Esta labor se considerará prioritaria e conlevará boa parte das accións previstas para este departamento, relacionadas no apartado anterior. De entre elas, convén resaltar aquí, pola súa importancia estratéxica para o bo desenvolvemento das tarefas orientadoras, as que teñen que ver con:
 - A creación de **espazos para a reflexión do profesorado** sobre a súa práctica docente, nun clima de respecto a aceptación que contribúa a estimular a avaliación formativa a impulsar as iniciativas innovadoras.
 - A promoción dunha **maior participación do alumnado** nas decisións sobre o proceso educativo, como destinatarios/as últimos/as de todas as nosas accións, que nos axudará a guiar dito proceso, ao tempo que contribuirá á súa identificación cos valores democráticos e a xerar un sentimento de pertenza ó centro.
 - O **achegamento ás familias**, promovendo a súa colaboración cos outros axentes educativos, desde a confianza e o respecto, establecendo vías de comunicación que partan do diálogo e a independencia mutua.

- **Énfase na prevención e a promoción de cambios a nivel institucional.** Este plan implica principalmente actuacións de carácter proactivo, dacordo cun modelo esencialmente **preventivo e, máis aínda, promotor da saúde**, na medida en que pretende dotar á comunidade educativa dos recursos necesarios para contribuír a un desenvolvemento óptimo das persoas. Tamén se contemplan actuacións en certo modo reactivas fronte ás demandas que poidan xurdir durante o curso por parte dos/as docentes, alumnado, familias... Pero incluso nestes casos, as actuacións promoverán no posible **unha intervención a nivel institucional**, e non só individual, na liña da intervención sistémica proposta e coa intención de influir na mellora da calidade da educación.

- **Flexibilidade das propostas.** Entendemos a implementación desta programación como un proceso no que a mesma se irá avaliando de xeito continuo e modificando, “sobre a marcha” cando sexa necesario para acadar os obxectivos (as reunións do departamento serán o espazo onde se avanzará colexiadamente neste senso)

- **Reunións e outros espazos de traballo e coordinación:** teñen especial importancia estratéxica as seguintes reunións de coordinación e os espazos de traballo creados no centro:
 - Reunións de coordinación interna do DO
 - Reunións da CCP, á que elevaremos as nosas propostas, presentaremos pautas de actuación, informaremos do seguimento dos distintos programas..., mentres este órgano nos marcará directrices, prioridades, propostas de mellora...

- Reunións do Claustro e Consello Escolar, onde se elevarán determinadas propostas para ser aprobadas (as incluídas no PAT e POAP, realización de determinadas actividades extraescolares e complementarias, ou criterios organizativos que permitan desenvolver con maior facilidade os programas...)
 - Reunións trimestrais dos equipos docentes, nas sesións de avaliación, que é fundamental aproveitar por ser un dos escasos momentos que adoitamos ter en educación secundaria para facer balance, novas propostas... do traballo de orientación e titoría para un grupo concreto. (De aí a importancia de organizar axeitadamente o horario para que o/a orientador/a poida asistir ás sesións de todos os grupos)
 - Reunións coa xefatura de estudos, fundamentais dado o carácter indirecto da maior parte das actuacións do DO, que fai necesaria a intervención desta instancia á hora de darlle forma organizativa ás propostas.
 - Reunións semanais ou quincenais ou cada vez que se precise co especialista en PT para a coordinación da atención ao alumnado con n.e.e.
 - Reunións co Equipo de Orientación Específico, para o deseño, posta en marcha e valoración de accións que requiran un alto grao de especificidade.
 - Reunións con axentes externos ao centro, para concretar as actividades que se establecen nos distintos programas e/ou iniciar novas liñas de colaboración.
- **Co alumnado, a instrumentalización do grupo-clase.** A formación do profesorado no traballo con grupos será esencial para a intervención en todos os ámbitos contemplados neste plan.

- **Constructividade e interactividade como estratexias de aprendizaxe e o papel mediador do/a educador/a.** As actividades propostas irán encamiñadas a promover aa aprendizaxes significativas e funcionais, as interaccións entre iguais así como as interaccións bidireccionais co profesorado, que actuará como facilitador da aprendizaxe.

- **O centro como contexto de participación democrática**

- **A intervención enfocada á construción de actitudes saudables e o uso da estratexia cuádruple como modelo de intervención.** Tanto no deseño como na implementación e por tanto na avaliación de todos os programas se terá en conta que as actitudes teñen tres compoñentes, tal como explicabamos noutro apartado, e que o afectivo, tradicionalmente olvidado, é esencial na súa configuración. Por iso, os programas incluirán actividades que permitan traballar os aspectos afectivos das actitudes implicadas (por exemplo, xogos e dramatizacións, campos simbólicos, etc...) A formación do profesorado nestas estratexias metodolóxicas será tamén unha das prioridades neste plan.

- **Integración das actividades nas áreas do currículo.** Cada programa, ademáis das actividades para desenvolver na hora de titoría, incluirá actividades para desenvolver a través dalgunhas áreas do currículo

- **Globalidade e interdisciplinabilidade dos contidos traballados,** facilitado polo feito de que hai bloques de contido dalgúns programas íntimamente relacionados con outros bloques de distintos programas.

AVALIACIÓN DO PLAN E PROPOSTA DE MELLORA

OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN

Este plan de actividades someterase a un proceso continuo de avaliación formativa, cos seguintes obxectivos:

- Valorar en qué medida imos acadando os obxectivos propostos.
- Obter máis e mellor información sobre as características do contexto socioeducativo no que se sitúa o noso alumnado.
- Mellorar os deseños da intervención orientadora e psicopedagóxica aproveitando a retroalimentación informativa para corrixir ou adaptar eses deseños de cara a conseguir unha maior eficacia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Nivel de consecución dos obxectivos previstos
- Grao de coherencia coa documentación do centro
- Nivel de participación e implicación do profesorado, alumnado, familias e axentes externos.
- Grao de satisfacción das partes implicadas
- Recursos dos que se dispuxo e adecuación dos mesmos
- Dificultades xurdidas e forma de resolvelas
- Conflictos xurdidos
- Grao de eficacia e eficiencia das intervencións orientadoras
- Grao de adecuación da temporalización

- Grao de satisfacción co apoio prestado polo DO por parte das partes implicadas

METODOLOXÍA DA AVALIACIÓN

Para a elaboración deste plan, fíxose unha avaliación **inicial**, que xa describimos, co obxecto de detectar as necesidades de intervención nos distintos ámbitos, que serviu de punto de partida para establecer os obxectivos do plan. Ademáis, levarase a cabo un proceso de avaliación **formativa** que acompañará a implementación das actuacións e unha avaliación **final**, tamén de carácter formativo e orientador da toma de decisións sobre o proceso.

Avaliarase tanto o **deseño** como a **implementación** do plan. E se terán en conta as valoracións de **todas as partes implicadas** no proceso.

MEMORIA FINAL DE CURSO E PLAN DE MELLORA

Ao remate do curso escolar elaborárase a memoria final del Plan de Actividades na que se recollerán os datos e valoracións máis importantes obtidas no proceso de avaliación. Para iso se solicitarán as propostas e directrices da CCP.

Na elaboración da memoria participarán todos os membros do departamento coas súas aportacións e propostas sobre os respectivos ámbitos de intervención. A redacción final será responsabilidade da xefa do departamento.

Esta memoria recollerá a análise e a valoración dos seguintes aspectos:

1.- Os procedementos seguidos na elaboración, seguemento e avaliación do plan

2.- As actuacións realizadas nos distintos ámbitos

2.1. Tarefas de coordinación interna

2.2. Tarefas de apoio

- apoio á acción tutorial
- apoio á orientación académica e profesional
- apoio aos procesos de ensino e aprendizaxe

2.3. Participación e aportacións á CCP e ao Claustro de profesores/as

3.- O funcionamento do departamento como equipo de traballo

E incluíra asimesmo, como conclusión destas valoracións, un apartado referido a un PLAN DE MELLORA, que nos servirá para elaborar un Plan Anual de Actividades máis axustado ás necesidades para o vindeiro curso.

Asdo: M^a Alicia Vilar Barreiro
Xefa do Departamento de Orientación